

# Aurora Poza Pastrana

(PONTEVEDRA, 1913-2001)

O mesmo día que lle fusilaron o irmán, fusiláronlle tamén o home. Estaba embarazada do segundo dos fillos.

Aurora Poza Pastrana fora a Burgos con Lola Lois, a muller de Ramiro Paz, e coa súa propia nai, Consuelo Pastrana, a pedir clemencia. Entrevistáronse co secretario de Franco e díxolles que non se preocupasen, que estaban indultados, pero cando chegaron a Pontevedra, estaban mortos.

Todos os varóns da familia Poza foran apresados tras o golpe militar. O home de Aurora, **José Adrio Barreiro**, tiña 26 anos, era avogado e, a pesar de ser tan novo, xa fora gobernador civil de Ourense e presidente da Deputación de Pontevedra:

“Mamá contaba que cando era gobernador civil, houbo un acto no teatro e o meu pai achegouse ao porteiro e díxolle: Son o gobernador civil e o porteiro non o creu porque como era tan novo... Tiña daquela vinte e cinco anos. Tivo que baixar o chofer a dicirlle que si, home, que é o gobernador...”. [**Aurora Adrio Poza**]

O irmán de Aurora, **Luis Poza Pastrana**, tiña tamén poucos anos: 27, era xinecólogo e acababa de regresar de Madrid, onde estudara. Cando o prenderon ía para a casa de Alexandre Bóveda atender a súa muller, Amalia, que estaba emba-



razada. Collérono na ponte e xa non volveu nunca á casa. Os falanxistas prenderon tamén o pai de Luís, **Celestino Poza Cobas**, e o seu irmán, **Celestino Poza Pastana**. Ambos os dous eran médicos.

Os dous acabaron formando parte do campo de concentración da illa de San Simón e convertéronse en persoas moi queridas para os presos, aos que atendían das súas doenzas.

“Con nós estaba no Lazareto o médico, don Celestino Poza, que toda a familia del era xente moi respectada. El estaba preso con nós e o fillo maior, Celestino, tamén, mentres que Luís, o pequeno, estaba en Pontevedra. Pois ao pequeno matárono e o director da prisión, Lago Búa, foi darlle o pésame a don Celestino... Síntoo moito tal e cal... O asasino ese do xefe da prisión tivo a desvergonza de ir darlle o pésame ao velorio, que cando foi que lle fusilaron o fillo pequeno, xuntámonos os presos no seu cuarto e pasamos a noite con el e máis co fillo maior”. Son declaracións do vilaxoanés Antonio Alejandre, preso no Lazareto a raíz do golpe militar, só un exemplo das continuas lembranzas que a figura de Celestino Poza e o seu fillo provocan nos antigos reclusos do Lazareto. De feito, ese improvisado velorio do que falaba Alejandre recóllese tamén no libro “Catro anos a bordo dunha illa” escrito polo recluso Evaristo Mosquera: “No (piso) superior había unha sala grande na que se facía todos os días o reconto, cunha pequena habitación no limiar, na que durmían don Celestino Poza e o seu fillo maior, Tino, tamén médico, que por terse negado a residir na oficina e exercer moitas veces os seus servizos sanitarios na Illa, coidando as pequenas doenzas ou accidentes dos reclusos e até dos oficiais, dispuñan desta (...). No Lazareto recibiron a trágica noticia (do fusilamento) o pai e o irmán de Luís Poza e con eles pasamos gran parte da noite, e media mañá do día seguinte, na modesta habitación que ocupaban don Celestino Poza e Tino, nun sentido velorio, en que faltaba o cadáver. Os nosos sentimentos xa poden suporse, no entanto os deudos conservaban unha relativa serenidade”.

Mosquera gaba o traballo que os Poza fixeron na Illa: “Podo falar da actuación verdadeiramente admirábel dos médicos reclusos: don Celestino Poza e o seu fillo Tino e igualmente do bo médico do Grove don Xacobo Outeiro, así como de Sanguino, quen se desviviron en todo momento por atenderen solicitamente os enfermos da Illa, fosen reclusos ou oficiais”. Lembra tamén no seu libro un episodio que forma parte da memoria colectiva da colonia de presos: Cando Celestino Poza e o seu fillo Tino se manteñen firmes na súa ideoloxía e, xunto a unha decena de reclusos (entre os que figura o propio Mosquera), néganse a confesarse e a recibir comunión co motivo da festividade do patrón. O aceno puido custarlles caro mais, polo contrario, valeulles a felicitación dun xefe militar. Mosquera cóntao así:



“Proseguiu a función relixiosa, pero cando chegou o momento culminante da comuñón, Don Luís (o xefe militar) desprazouse da tribuna, dirixiuse cara ao altar e ante o asombro duns e outros, logo de comungar fervorosamente, pronunciou en voz alta estas ou parecidas palabras:

-Eu, como católico, apostólico, romano que son, ofrezco a miña comuñón polo grupo de disidentes que tiveron o valor de mostrar as súas ideas dun modo claro e patente. Os demais serán sinceros ou non, e nada teño que obxectar, pero estes señores fórono sen dúbida e eu hónrome en estreitar a súa man.

Acto seguido, dirixiuse cara a nós que o mirabamos atónitos e deu a man a don Celestino Poza, a quen polo visto xa coñecía, e logo a todos os demais que formabamos o grupo (...). É fama que lle advertiu ao director que non se tomase ningunha clase de represalias contra nós”.

Aurora Adrio Poza, orfa de José Adrio, lembra ir coa súa nai, Aurora Poza, e a súa tía Electra, a quen na familia chamaban “A Nena”, ata a illa de San Simón para visitar o seu avó e o seu tío Tino. Ela e o seu irmán José Luís recordan unha lembranza compartida con eles polos seus avós, Celestino Poza e Consuelo Pastrana:

“O avó dicía que de noite desaparecía xente e a avoa contaba que nalgunha ocasión viñan a avisarlle de que estaban eles na lista de mañá... A lista de mañá era aos que sacaban e paseaban. A avoa facía xestións, eu non sei con quen e traíanos para aquí, para o cárcere de Pontevedra. Aquí había falanxistas moi amigos de casa e a avoa movíase para conseguir traelos un día ou dos, evitando que os pasearan”.

Durante o tempo que o seu pai estivo preso tamén existiu ese temor a que o pasearan:

“A papá levárono a Caldas e á Cañiza, querían darlle o paseo pero sempre que o trasladaban ía con el no coche un falanxista de Pontevedra que coñecía a Tino, e cando lle preguntaban se ía Adrio no coche, el dicía que non porque senón paseábano”.

Luís Poza e José Adrio foron asasinados o aciago 12 de novembro de 1936. Na familia sempre quedou a idea de que na morte de Luís pesou máis a envexa profesional que o feito de que fose o secretario do Partido Galeguista. Consideran a súa implicación política moito menor que a doutros membros da familia que salvaron a vida, como Celestino pai, que fora deputado a Cortes por Izquierda Republicana. De feito, a nai de Luís, Consuelo, chegou a enfrontarse co médico ao que consideraba instigador do asasinato:



“A avoa Consuelo cando o vía empezaba a insultalo e el cambiaba de beirarrúa. Iso vivino eu -di Aurora-. Ía pola Peregrina coa avoa, que saía moi pouco pero igual íamos facer algunha compra..., e vexo que lle di a un home: asasino! E que el baixa a cabeza e marcha... era o médico que ela consideraba instigador da morte de Luís (...). Luís era do Partido Galeguista -o avó chamáballe “el galleguista señorito”- pero era o que menos significado estaba. Tino si. Luís estivera con García Lorca e con personalidades así na residencia de estudantes pero estaba menos involucrado na política que Tino”.

A Celestino Poza Cobas e ao seu fillo Tino xulgaronos o 8 de febreiro de 1937. Segundo o libro Aillados, de Antón Caeiro e outros, o pai foi condenado a 12 anos e o fillo absolvérono.

A represión contra a familia Poza non rematou co cárcere, nin sequera co fusilamento dos seres queridos. Aurora contáballe aos fillos que cada vez que había manifestacións e os nacionais tomaban un lugar, petaban na súa porta, ao berro de “*Que salgan los rojos*”. Sufriron ademais requisas e embargos:

“Mamá dicía que ao mellor estaba dándome de comer a min e que entraban e xa pasaban, a requisar e a ver... Ela dicíalles: ‘pasen, pasen’, porque nin preguntaban nin nada. Aquí a prata voou... a prata e todo. O sanatorio baleirárono. Despois dicían que o meu avó, Celestino Poza, tiña armas na horta de enfrente e non había armas nin nada, pero bueno...”, lembra Aurora.

Os falanxistas baleiraron a casa e o sanatorio propiedade de Celestino Poza, un dos mellores de toda Galicia con adiantos técnicos inusuais na época, como a radioterapia. Estaba en Andrés Muruais, unha rúa na que os Poza eran propietarios de tres ou catro vivendas que requisou o novo estado franquista, tal e como explica José Luís Adrio Poza:

“Requisaron todo. Tamén os edificios, aos que eles lles puñan o alugueiro. A propiedade era da familia pero non podías facer nada. O alugueiro marcábano eles e, aínda que ao final nos daban os cartos, eran catro duros”.

Nunca lles faltou sustento porque Celestino Poza Cobas tiña moito diñeiro e, aínda que lle quitaron moito, seguiu podendo manter a familia sen necesidade de que a súa filla Aurora traballase. Así que fame non pasaron, aínda que si os rigores do racionamento. A vivenda familiar estaba xusto fronte ao sanatorio e Celestino Poza construíu un túnel para comunicalos, pero cando saíu do cárcere, practicamente se recluíu nunha finca que tiñan en Campolongo. Antes da guerra separárase de Consuelo Pastrana e alí viviu el só recibindo continuas visitas dos netos:



“Todos os netos subiamos alí con el. El sementaba e estaba entretido”.

Tino si viviu en Andrés Muruais e a súa sobriña Aurora lembra, ata con un sorriso, os continuos arrestos domiciliarios aos que era sometido cada vez que o caudillo visitaba Galicia:

“O avó saíu de San Simón en 1941. Ao principio, cando viña Franco a Galicia, collíanos a el, a Tino e a outros rojos de Pontevedra e levábanos ao cárcere de Vigo. Iso era ao principio. Logo en vez de levalos, tíñanos presos a cada un no seu domicilio. Non podían moverse e a policía por alí, pola nosa rúa, e nós falando de balcón a balcón. A avoa dicíalle ao seu fillo: ‘Tino, e logo, non saes hoxe? Co día espléndido que fai!...’. Xa era cachondeo”.

Foron moitos os acenos humillantes que a familia Poza tivo que soportar. Aurora Adrio lembra especialmente un que padeceu súa nai no establecemento no que sempre facía as súas compras:

“Mamá levaba toda a vida indo a Olmedo e pagaba facturas enormes pero a primeira vez que entrou despois do de papá, toda a xente lle deu as costas e nin lle preguntaron que quería... non sei se sería por medo pero todo o mundo deu a volta”.

Os orfos de José Adrio sentiron que os represaliaban a pesar de ser uns nenos. Así o recorda o seu fillo:

“Estabamos apestados...había medo de falar con rojos, igual por temor a ir preso. (...) Cando os mataron a eles, que eran tan coñecidos, debeu ser terríbel. O terror da xente debeu ser total. Pensarían: se mataron a estes, calquera que se mova... debía ser puro terror (...). Eu aprobei o ingreso ao bacharelato grazas a recomendacións porque había un tribunal e o de relixión, que era o párroco de San Bartolomé, non me aprobaba, porque como era dunha familia de rojos... Tiveron que falar os meus tíos con coñecidos para conseguir que me aprobaran o ingreso”.

Porén, lembran tamén acenos de solidariedade incluso con xente ideoloxicamente oposta a eles:

“Hai dous amigos a quen non esqueceréi xamais, di Aurora Adrio: Alfredo Paz e Milagros Jarai. El era falanxista. Cando mataron o meu pai, ela presentouse na casa. Como xa ninguén viña visitarnos o servizo díxolles que non estabamos pero ela dixo: ‘Dígales a las señoras que no me muevo de aquí hasta que no me reciban’. E foron os máis amigos do mundo... Sempre que vou ao cemiterio póñolles flores”.



Tamén o seu irmán lembra un episodio que dá mostras da boa relación que os Poza mantiñan con xente de ideas opostas:

“Cando eu era moi pequeno, púxenme moi, moi maliño, estando o meu avó e o meu tío presos. Había aquí un médico, Iturriaga, que era falanxista e foi el quen me salvou a vida. Ás veces aparecía na casa coa camisa azul e pedía perdón porque non tivera tempo de cambiala...”.

José Luís Adrio é fillo póstumo. A súa nai contoulle que a súa primeira saída de neonato foi ao cemiterio. Ían todas as tardes e os nenos acabaron converténdose na súa zona de xogos. Aurora quedou orfa con catro anos. Apenas ten unha lembranza vaga do seu pai pero conserva unha foto preciosa del con ela no colo. Apenas era un neno. Si lembra as continuas idas ao cemiterio:

“Iamos tanto que o enterrador dicíalle á avoa: Señora Consuelo, esta noite tantos... baixaban de Figueirido soldados da república, de Asturias, do País Vasco e enterrábanos aí... Cando os nenos iamos, dábanos flores e poñíamos unha en cada unha das pedras que sinalaban unha fosa”.

Nese cemiterio foi enterrada Electra Poza Pastrana en 1947. Sempre fiel ás súas ideas, Celestino Poza elixiu un enterro civil para a súa filla, o primeiro que se celebraba en Pontevedra desde xullo do 36. A cousa non ía pasar desapercibida para os falanxistas. Así lembra aquel momento a súa neta, Aurora Adrio:

“Non querían deixala enterrar. Meteron a caixa na capela do cemiterio e durante toda a noite estivo toda a xente velándoa. E o cura, que eran uns rojos e que non se enterraba... Tivo unha agarrada co meu tío Tino que case o agarra polo pescozo. Chegaron a considerar encher un ataúde de pedras para facer o paripé e enterrala a ela ás agachadas no panteón familiar. Ao final non fixo falta; houbo tal balbordo, mesmo con falanxistas dicindo que, por riba de todo, a Nena enterrábase... que enterrámola e metendo o ataúde pola porta principal, pero axiña nos fixeron un cemiterio privado para nós, porque levantaron un muro para separar o cemiterio católico do civil e fixéronnos un peche cunha porta, que cada vez que queríamos ir, tiñamos que pedirlle ao enterrador a chave... Ao final era o noso cemiterio privado e ata nos deu pena cando o abriron”.

Os Poza sempre mantiveron a súa ideoloxía laica, ao contrario que os Adrio, que era unha familia relixiosa:

“A miña avoa paterna, María Barreiro, era a máis relixiosa do mundo. Tiña un reclinatorio no cuarto e pasaba a vida rezando. En cambio, os Poza nada”, explica Aurora.



Nin Aurora nin José Luís Adrio, a pesar de que xa naceu tras o golpe, foron bautizados. Recibiron o sacramento cando quixeron casar. A súa nai aínda se bautizou máis tarde, como requisito imprescindible para ser madriña do neto:

“A avoa era totalmente atea. Eu aínda teño as miñas dúbidas. Quero pensar que algo hai pero a avoa, nada... lamos ao cemiterio pero de facer misas nin falar”.

Tamén a José Adrio e Luís Poza os enterraron no 36 sen cerimonia relixiosa. Dúas das fillas de Celestino e Consuelo, Marina e Electra, foron ao cemiterio de Santo Amaro cando baixaron os corpos da Caeira, e alí os enterraron.

A partir de aí, imperou bastante o silencio. Aurora e José Luís Adrio Poza coinciden en que os fusilamentos non foron un segredo pero tampouco un tema habitual nas conversas da familia.

“Mamá falaba pouco do tema. O que soubemos fómolo sabendo pola avoa e polos tíos da rama Adrio, pero pouco. Non era que fose un tema tabú pero tampouco se falaba habitualmente. A avoa era a que máis nos contaba e mamá contoulles máis xa ás súas netas do que nos contou a nós. Contáballes que estaba embarazada cando quedou viúva e cousas así... non moito máis. (...) Soubemos o que pasara aos poucos. Sempre estiveramos sen pai, para nós era algo natural e tiñamos a todos os tíos que se comportaron como padres”.

A familia Poza sempre mantivo boa relación cos Adrio. Aos catro irmáns de José Adrio Barreiro tocoulles facer a guerra no bando nacional. O seu fillo lembra que a Paco tocoulle en artillería, a Manolo en infantería e a Rafael, que era médico, en sanidade militar. O máis pequeno, Chalo, tamén foi mobilizado pero xa cando estaba rematando a guerra:

“Non pegou nin tiros -di o seu sobriño-. Cando estaba facendo o servizo chamárono para formar parte dun pelotón de execución e el negouse, que negarse entonces... pero el non foi e non lle pasou nada. Eles tampouco contaban moito. Viñan ao cemiterio pero non falaban nada do que pasara. E para nós ir ao cemiterio era como para outros ir ao parque”.

A familia nin sequera goza das homenaxes que coa democracia se lle veñen facendo aos fusilados do 12 de novembro:

“Mamá non quería ningunha homenaxe, quizais por non reavivar recordos. Cando fixeron a primeira, que se puxeron necrolóxicas no periódico, elas dixeron que non. Mamá e a tía Marina. Que non, que xa pasara... e non saíron nin de papá nin do tío Luís. Houbo necrolóxicas de todos menos deles dous”.



A súa filla recoñece que a ela estes actos tamén lle fan sentirse algo incómoda:

“Naquel tempo houbo tantos mortos que eu aos actos do 12 de novembro vou un pouco forzada... lembras e hai tanta xente que morreu ademais dos que mataron ese día. (...) Dáme pena, sempre os do doce... deberían ser actos en memoria de todos. Eles eran máis coñecidos, igual outra xente non o era tanto ou non estaba tan significada pero igual esa xente, ademais, pasou unha fame que nós non pasamos, e ás veces parece que eles non morreron. Agradecemos moito que se lembre aos do doce pero... e os outros?”.

Ese sentimento é compartido polo seu irmán, José Luís Adrio Poza, que foi o encargado de falar na homenaxe que o Concello fixo, como cada ano, o 12 de novembro do 2014:

“Alí quixen lembrar non só aos do día 12 senón a todas as vítimas, porque todos fomos vítimas. Os que mataron, os que sufriron e estiveron no cárcere durante anos... Hai que lembrar a todos porque todos fomos vítimas”.

A súa nai nin sequera quixo ir á inauguración da rúa que recorda esa data. Nin a que leva o nome do seu marido:

“Ni ela nin a tía Marina foron ás homenaxes aos fusilados. Ni cando lle puxeron a rúa ao seu marido (...). Leveina no coche para que a vira -conta o seu fillo-. E o único comentario que fixo foi un... ai que ben!. Nin sequera foron á que lle puxeron ao seu irmán Tino na Moureira, que lla fixeron os veciños porque dicían que era moi bo médico, que lles cobraba pouco e que ata lles deixaba cartos para comprar as menciñas”.

Aurora Adrio lembra que, cando inauguraron a rúa do seu pai, ela si se fixo unha foto debaixo da placa co nome daquel home, ao que apenas recorda:

“Foi ver a placa e empezarme a caer uns lagrimones...”

O día que o ían fusilar, José Adrio escribiulle unha carta á súa muller, e o día que ela finou, a súa filla Aurora leulla aos netos:

“Tíña como un secreto. El escribiulle unha carta de despedida da que ela nunca falou”.